

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

**1308, outubro, 19**

**69**

*Pedro de Bande e a súa irmá véndenlles a Nuno Álvarez e a súa muller propiedades en Santa Cruz de Vilasante por 200 soldos.*

MADRID, *AHN, Carp. 1332 A/21*, perg. orix., galego, gótica cursiva, 145x275 mm.

Era de mill et CCC et XLVI, XIX dias de oytubre. Conosçuda cousa seia a quantos esta carta viren, como eu Pedro de Bande et mina yrmaa Mayor Iohanes, fillos de Ioan de Bande, con outorgamento de nossa nana Marina Iohannes, et por nosa yrmaa Maria Iohannes, que non e presente, vendemos a vos Nuno Alvares et a vosa moller Orraca Viviaes, quanta erdade avemos por lo dito noso padre et por nosa tiia Maria Martines, et d'avoengos et complas et gaanças, et por outras vozes quaesquer que a nos y avemos et aver devemos, a monte et a fonte, con todas suas dereyturas et pertenenças hu quer que vaan su synno de San Çibrao de Vilasante. Et rezebemos de vos prezo por esta venzon duçentos soldos da moneda del rey don Fernando das quaes nos outorgamos por ben pagados, et outorgamos todas tres nosa vos a faserla senpre de paz da dita Maria Iohanes et d'outra quen quer que vo-la demande.

Testemoyas que foron presentes: Fernan Santoron, Pedro Nunes de Revoira, Mateu Pelaes de Veiga, Duran Fernandes de Vilasante, Pay Longo andador.

Eu Fernan Perez, notario publico del rey na Pobla de San Iullao, presente fuy et por rogo das partes fis esta carta et puge y meu sinal.

SIGNO